

ECONOMÍA DA EMPRESA

Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder a todas as preguntas da opción elixida.

OPCIÓN A

1. Responda brevemente ás seguintes catro preguntas (1 punto cada pregunta):

- 1.1.- Explica brevemente dúas das características principais dunha Sociedade Anónima Laboral.
- 1.2.- Explica brevemente un dos factores de localización espacial dunha empresa comercial. Pon un exemplo.
- 1.3.- Que se entende por período medio de maduración? Que subperíodos o compoñen?
- 1.4.- Que se entende por estrutura organizativa funcional? Menciona algunha vantaxe e algún inconveniente desta estrutura organizativa.

2. Responda ás dúas seguintes cuestións (0,5 puntos cada cuestión):

- 2.1.- En que fase do ciclo de vida do produto adoita haber maior beneficio?
- 2.2.- Menciona un posible método de obtención de información no marco da investigación de mercados.

3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos):

Unha empresa comercial de subministracións eléctricas vende uns dispositivos de alarma que previamente compra ao seu provedor. Esta empresa prevé unhas vendas de 2.000 dispositivos ao ano. O custo de realizar cada pedido é de 2 € e o custo unitario de almacenamento anual, de 5 €. Ademais, a empresa estima necesario un stock de seguridade de 60 dispositivos. Pídese:

- 3.1.- Determinar o volume óptimo de pedido de dispositivos aos seus provedores segundo o modelo de Wilson. (1 pto.)
- 3.2.- Calcular o custo de reposición ou de realización de pedidos e o custo de almacenamento. (1 pto.)
- 3.3.- Explicar cal é a finalidade do cálculo do volume óptimo de pedido. (0,5 ptos.)

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos):

Tendo en conta que os datos do último exercicio dunha empresa dedicada á venda de recambios de automóbil son os que se recollen a continuación (valores en euros):

Construcións	210.000	Difheiro en bancos	2.000
Existencias	65.000	Computadores	20.000
Débedas a curto prazo	150.000	Efectos comerciais a cobrar	45.000
Débedas a longo prazo	45.000		

Pídese:

- 4.1.- Elaborar o balance de situación e determinar o valor do capital social. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular o fondo de manobra e comentar o resultado. (1 pto.)
- 4.3.- Calcular o cociente de endebedamento [pasivo/(patrimonio neto + pasivo)] e interpretar o resultado. (0,5 ptos.)



**Proba de Avaliación do Bacharelato
para o Acceso á Universidade
XUÑO 2019**

Código: 31

ECONOMÍA DA EMPRESA

Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder a todas as preguntas da opción elixida.

OPCIÓN B

1. Responda brevemente ás seguintes catro preguntas (1 punto cada pregunta):

- 1.1.- Describe brevemente cada un dos tipos de empresas que se poden distinguir segundo a titularidade do capital. Ilustra a resposta con algún exemplo.
- 1.2.- Explica brevemente que é unha empresa multinacional. Pon un exemplo.
- 1.3.- No marco da mercadotecnia mix, explica brevemente dous posibles métodos de fixación de prezos.
- 1.4.- O imposto de sociedades, é un imposto directo ou indirecto? Razona a resposta. Indica cal é o suxeito pasivo e o feito imponible deste imposto.

2. Responda ás dúas seguintes cuestións (0,5 puntos cada cuestión):

- 2.1.- Menciona dúas vías de resolución de conflitos.
- 2.2.- Que nome recibe o principio organizativo segundo o cal cada persoa depende dun só xefe?

3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos):

Unha empresa dedicada á comercialización de peixe conxelado dispón, a 1 de xaneiro do presente ano, de 100 quilos de peixe a 12 €/kg. Ao longo do mes de xaneiro realiza as seguintes operacións:
O 4 de xaneiro compra 200 quilos a 14,25 €. O día 8 de xaneiro vende 150 quilos. O día 12 de xaneiro compra 225 quilos a 15 €/kg e o día 16 vende 75 quilos. Pídese:

- 3.1.- Confeccionar a ficha de almacén do mes de xaneiro utilizando o método FIFO. (1 pto.)
- 3.2.- Confeccionar a ficha de almacén segundo o método do Prezo Medio Ponderado. (1 pto.)
- 3.3.- Explicar a diferenza na valoración final das existencias. (0,5 pto.)

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos):

Considera os proxectos de investimento da seguinte táboa (valores en miles de euros):

	Desembolso inicial	Fluxos de fondos anuais			
		Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4
Proxecto A	200	70	70	60	60
Proxecto B	120	50	50	50	-

Pídese:

- 4.1.- Calcular o valor actual neto de ambos os proxectos para unha taxa de desconto do 10 %. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular o prazo de recuperación de cada un dos proxectos. (1 pto.)
- 4.3.- Atendendo aos resultados dos apartados anteriores, explicar cal dos dous proxectos sería preferible. (0,5 pto.)